



Páx 2

ANÁLISE: Rebeldía e insumisión contra as políticas que nos empobrecen como traballadores/as e como pobo

Páx 3

ANÁLISE: Errar é humano. Rectificar, de sabios

Páx 4

PONTEVEDRA: A Mesa do frío, Consellos Parroquiais e Pisando Forte

Páx 5

PONTEVEDRA: 25-N

Páx 6

MORAÑA: Solución aos asolamentos en Mos e PP e PSOE da man

BARRO: Catastro

Páx 7

POIO: 40 aniversario da declaración de Combarro como Conxunto Histórico

CONTRACAPA: Actos

Clamor social contra as políticas da Troika e o PP

Que a Folga Xeral do 14-N foi un rotundo éxito tanto na Galiza como en Pontevedra é un feito incuestionábel que se viu reflectido nas masivas manifestacións que percorreron as rúas do país.

En Pontevedra, milleiros e milleiros de persoas de todas as idades ateigaron as rúas da cidade nun verdadeiro clamor cidadá contra as políticas da Unión Europea, o Goberno do Estado e o Goberno Galego que están a dismantelar os sectores produtivos do país e condeando ao paro e á miseria á inmensa maioría da poboación.

Pero a Folga Xeral non é un punto e final. En todo caso o 14-N marcou o camiño a seguir. Porque só cunha loita continuada, masiva e contundente poderemos rematar con estas políticas que nos rouban o presente e nos negan o futuro.

Fotos da manifestación de Pontevedra en: <http://www.flickr.com/photos/54585288@N07/sets/72157632008215601/>





Rebeldía e insubmisión contra as políticas que nos empobrecen como traballadores/as e como pobo

Aproveitando as turbulencias financeiras xeradas pola máis pura e dura especulación nunca vista na historia, o capital transnacional, e os seus testaferros, desencadeou unha ofensiva sen cuartel contra as clases traballadoras: obreiros, funcionarios, pequenos e medianos empresarios, autónomos, pensionistas..., especialmente dos agora chamados estados e nacións periféricas. O obxectivo é empobrecer a estas clases populares e medias en favor da recuperación dos beneficios do grande capital.

Aplicando de xeito planificado e sistemático esta política de terra queimada social e política, as medidas van caendo en ferverza, unhas tras outras, con recorte de dereitos, empobrecemento xeneralizado, traxedia social. E sen parar en ningún momento; o lobo agarrou a presa e non a solta, non ten previsto soltala, a menos que se lle obrigue.

A arquitectura da Unión Europea, especialmente o Tratado de Lisboa, feita a medida dos intereses do grande capital transnacional, ao fin e ao cabo a única Unión Europea existente (pois as teorías da Europa Social e músicas polo estilo non deixan de sern utopías sen plasmación legal), está a ser usada para aplicar esta política de empobrecemento xeneralizado. Os aparentes debates de se Merkel é a mala e outros son os bos, non son máis que cortinas de fume para enmascarar que a UE está deseñada á medida do grande capital e, polo tanto, vai actuar defendendo os seus intereses que, no momento presente, consisten na “masacre” económica e social das clases traballadoras das nacións periféricas.

Por outro lado, a política de eliminación de competidores vai destrozando os sectores produtivos

de Galiza, todos e cada un, sexan o cárnico, o lácteo, o pesqueiro, a construción naval, a construción..., co que o panorama é aterrador. Aínda que se producise unha recuperación económica, feito ue non se albisca nun futuro próximo (fálase de máis dunha década de crise), a recuperación da produción e do emprego en Galiza non terá sectores nos que apoiarse. A emigración parece ser a única alternativa que nos teixan tanto na actualidade como no futuro.

O capitalismo actual está amosando sen disimulo a súa faciana máis cruel, máis insensíbel, máis inhumana. Non lle importa causar sufrimento, desintegración social, pobreza, máis desigualdade e inxustiza social, “arrasar” económica e socialmente con nacións enteiras, con tal de avanzar nos seus desígnios, que non son outros que os seus intereses e beneficios.

Para mitigar a resistencia á ofensiva do grande capital tratan de atemorizar aos cidadáns, insistíndolle en que non hai alternativas e falacias semellantes. Calquera alternativa será mellor que a traxedia económica e social que estamos a padecer, pero, para forzar unha alternativa, hai que superar os medos, loitar polos nosos dereitos, mostrar rebeldía e insubmisión fronte á maior inxustiza social que se recorda. Só así poderemos mudar o rumbo e frear o deseño e a política do grande capital transnacional.





Errar é humano. Rectificar, de sabios

Nas eleccións celebradas o pasado 21-O, o BNG, o nacionalismo galego, obtivo uns malos resultados. Sen paliativos: perdemos máis de 140.000 votos e cinco actas de deputado.

Na nosa comarca, o Bloque estivo por riba da media nacional e na cidade de Pontevedra mesmo subimos en votos até situarnos case como segunda forza política. Mais estes resultados só poden considerarse positivos medidos nun período curto: a longo prazo, aínda temos que medrar para chegarmos a tantas persoas como a finais dos anos 90.

Cómpre analizarmos estes resultados e o proceso que nos levou até eles centrándonos na nosa propia actuación política porque é evidente que cometemos erros que fixeron que nos retirasen a súa confianza todos eses galegos e galegas que con case 400.000 votos converteron ao BNG na segunda forza política da Galiza.

E se cometemos erros, temos a obriga de corríxilos. Analisemos, reflexionemos e actuemos, mais sen esquecer que temos fortalezas moi importantes: cando arestora a sociedade rexeita os partidos políticos tradicionais, nós temos un sistema alternativo que funciona ben; cando a sociedade se sitúa en contra das políticas que impón a U.E., nós temos análises e posicionamentos claros de rexeitamento;

cando a sociedade sofre a crueza do capitalismo, nós sempre estamos do lado dos traballadores e as traballadoras; cando o soberanismo está máis vivo que nunca en todo o mundo, nós sabemos que non virá de fóra remedio nin esperanza.

Temos, na xa longa historia do Bloque, experiencias das que aprender. Nesta nosa comarca soubemos superar o revés electoral do 2007 corrixindo os erros que detectamos e rectificando inmediatamente o rumbo a seguir de xeito profundo: logo a sociedade volveu confiar en nós e iso reflectiuse nunha recuperación electoral a cada paso máis chamativa.

O BNG ten capital humano, ideolóxico e organizativo abondo para se converter na forza política que Galiza precisa no seu camiño cara a liberación nacional e social.

Por responsabilidade, por amor á nación, por patriotismo, adoptemos canto antes todas as decisións precisas para que o noso sexa un rumbo certo que converta todo vento en favorábel.

A Mesa do Frío recupera o traballo

Por segundo ano consecutivo, a Concellaría de Benestar Social Municipal (BSM) puxo en marcha a Mesa do Frío para coordinar os traballos dos diferentes servizos, asociacións e empresas que colaboran para atender ás persoas sen teito que ven moi empioradas as súas condicións de vida coa chegada do inverno.

Neste organismo, ademais da BSM, incorpóranse servizos da Concellaría de Protección Cidadá (policía, bombeiros e protección civil) así como asociacións e empresas locais que colaboran co Concello.

Cabe destacar o esforzo que están a facer empresas locais como o Hostal que acolle ás persoas sen fogar ou a tenda Olbe, que aportou orzamentos e contactos para mercar roupa a prezos moi competitivos coa que poder abrigar ás persoas que van botar esta tempada na rúa.

Nesta primeira xuntanza tamén se decidiu a adquisición de vasos térmicos para conservar quentes as bebidas que se lles subministren.



Carme Fouces, concelleira de Benestar Social

En marcha os Consellos Parroquiais

Os Consellos Parroquiais, deseñados e impulsados polo BNG para fomentar a participación cidadá e a toma de decisións democrática e formados por todo o movemento social de cada unha das parroquias, están a traballar no elaboración dos planos de parroquia co asesoramento técnico da empresa de arquitectura contratada polo Concello.

Lembremos que os planos de parroquia van ser a ferramenta que defina en cadanseu ámbito o proxecto cidadán que se quere desenvolver no período dos vindeiros 12 ou 16 anos.

Actualmente, os Consellos Parroquiais atópanse inmersos na fase de recollida sistemática de información sobre diferentes áreas de traballo (seguranza viaria, patrimonio, espazos públicos, servizos, sistema viario . . .) e de avaliación de propostas que xorden ao fío desa recollida.

Doutra banda, está en marcha a primeira edición do Plan de Sostemento do Espazo Público no rural, xa elaborado a partir das propostas recollidas nos devanditos consellos.

Éxito de "Pisando Forte"

O programa Pisando Forte, da Concellaría de Xuventude, está a ser un rotundo éxito de participación por canto ten esgotadas a práctica totalidade das prazas que puxo a disposición da mocidade.

Pisando Forte, desde a súa primeira edición hai tres anos, propón actividades formativas para a xuventude, mais este ano reorientouse para a formación laboral e para o emprego en consonancia co obxectivo manifestado polo BNG de adicar todos os seus esforzos á loita contra a crise.

Neste sentido é de destacar que o deseño de Pisando Forte pretende aproveitar todos os recursos que posúen os mozos e as mozas no país e que non ofrece formación ningunha que favoreza a emigración.

As políticas de recorte e de austeridade, antes do PSOE e agora do PP, converten este programa nunha oferta formativa case única.



Demetrio Gómez, concelleiro de Xuventude

Patrimonio funerario pontevedrés

Pontevedra conta con un amplo e valioso patrimonio cultural distribuído pola cidade e as parroquias do rural. Nestes momentos, a concellaría de patrimonio histórico está a realizar os traballos de catalogación destes bens, organizado en catro grupos: arqueolóxico, arquitectónico, etnográfico e infraestruturas. Ao mesmo tempo, desde o concello organízanse actividades de recuperación, divulgación e dinamización, coma as que neste mes de novembro se realizan arredor da cultura funeraria.

Unha viaxe polos cemiterios pontevedreses

Un dos aspectos centrais da cultura funeraria son os cemiterios, que inicialmente se ubicaban dentro e no exterior das igrexas. Ata o século XIX, os cemiterios urbanos estiveron situados ao pé das igrexas de Santa María, San Domingos, San Bartolomé O Vello (no predio do Teatro Principal) e A Virxe do Camiño (entre Frei Xoán de Navarrete e Sagasta). As excavacións arqueolóxicas realizadas no centro histórico ao longo da última década achegan numerosa información sobre a vida e a morte dos pontevedreses de finais da Idade Media e a Idade Moderna.

Mais no século XIX, a normativa hixiénico sanitaria obriga a trasladar os cemiterios ao extrarradio urbano e en 1882 inaugúrase o cemiterio municipal de San Amaro, situado no lugar de Moldes, parroquia de Mourente. Foi deseñado polo arquitecto municipal Alejandro Rodríguez Sesmeros, autor dos principais edificios e equipamentos da Pontevedra do último terzo do século XIX. O pasado sábado 10 de novembro o concello organizou unha visita comentada a San Amaro, que pretende ser un punto de partida para dar a coñecer os valores históricos, artísticos e sentimentais deste "lugar de memoria", un gran libro de historia sobre a Pontevedra do último século e medio. Este labor divulgativo non se centra principalmente nos persoeiros da cidade alí



soterrados, senón na construción e evolución do cemiterio, os elementos históricos e artísticos, a obra de escultores e canteiros, a relixiosidade e a heterodoxia (cemiterio civil), a sociedade esquecida e perseguida, o poder e a pobreza, a represión franquista...

Ademais do cemiterio principal da cidade, ao longo das parroquias existen numerosos exemplos de cemiterios rurais construídos desde finais do XIX e ao longo do século XX nos antigos concellos de Ponte Sampaio, Salcedo, Mourente, Alba e Xeve, e nas restantes parroquias. Todos eles posúen atractivos histórico-artísticos e son testemuño de vidas que merecen ser contadas. Como exemplo representativo destes bens, o sábado 17 de novembro visitarase o cemiterio e a igrexa parroquial da Canicouva, xunto co sepulcro excavado na rocha coñecido como a Cama de Santo Estevo, un lugar cheo de ritos e lendas do pasado.

Enterramentos con máis de 4000 anos de antigüidade

Ademais dos cemiterios, o territorio da comarca de Pontevedra conta con un gran número de enterramentos megalíticos, coñecidos como mámoas. Na contorna do Lago de

Castiñeiras atopamos algúns dos máis espectaculares e valiosos, que serán obxecto dunha visita comentada o sábado 24 de novembro. Trátase da Mámoa do Rei, na parroquia de Vilaboa, e a mámoa da Chan da Armada no Concello de Marín.

Con estas actividades centradas no patrimonio funerario de Pontevedra e a súa comarca, o Concello de Pontevedra pretende dar a coñecer o valor histórico e humano destes enclaves, unha parte do patrimonio histórico que cada vez conta con maior protección e que é obxecto dun crecente interese por parte da cidadanía.

Sábado 17 A Canicouva

Saída ás 11 h. no cemiterio da Canicouva.

Punto de encontro de saída desde Pontevedra ás 10:30 h- diante da Estación de Autobuses

Sábado 24 Enterramentos megalíticos da Chan de

Castiñeiras e Chan de Armada

Saída ás 11 h. do estacionamento situado á beira do lago Castiñeira

Poio celebra o 40 aniversario da declaración de Combarro como conxunto histórico



Este ano cúmprese o 40º Aniversario da declaración de Combarro como Conxunto Histórico. Esa declaración de 1972 constitúe un fito na historia de Poio, no que se materializa a preocupación por conservar a singular arquitectura e o urbanismo de Combarro, síntese da cultura agraria e marítima de Galiza. Dita declaración permitiu articular medidas encamiñadas a preservar o patrimonio material desta vila, entre as que se inclúe o particular ordenamento urbanístico municipal aprobado con ese obxectivo.

Combarro converteuse desde os primeiros anos do século XX nun espazo de referencia e interese cultural dentro e fóra de Galiza. Combarro é unha das iconas de Galiza cara o exterior. Ese papel iconográfico aumentou nas últimas décadas, o que é motivo de orgullo para a veciñanza de Poio. A ninguén se lle escapa que debido a súa importancia etnográfica, esta vila constitúe un dos grandes activos turísticos deste Concello e de Pontevedra. O seu engado cultural actúa como un potente factor de dinamización económica, ao que temos que prestar atención en canto afecta á calidade de vida e benestar de moita xente, empezando pola dos propios combarreses e combarresas. Como tal require un coidado especial por parte da administración local, pero tamén da provincial e da galega. Temos aquí una tarefa colectiva como país.

Así o entendeu unanimemente o pleno da Corporación municipal, a Asociación A Solaina e todas as asociacións e empresas que contribúen á Conmemoración do 40 Aniversario, converténdoa nunha celebración aberta e integradora, coa que agardamos se sinta a vila de Combarro máis viva e máis nosa, se cabe, que nunca.

Acto Institucional de celebración do 40º aniversario

O **sábado 17 de novembro ás 19 h. no local da comunidade de montes de Combarro** terá lugar o acto institucional do Concello de Poio, que contará coa intervención de **Ramón Villares**, Presidente do Consello da Cultura Galega, que disertará sobre "A protección do patrimonio. Unha reflexión histórica".

Intervirán, ademais, **Rafael Vallejo**, Presidente de A Solaina, **Xosé Henrique Costas**, Vicerreitor da Universidade de Vigo, **José Manuel Rey**, Director Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galiza, un representante da Deputación e o Alcalde de Poio, **Luciano Sobral**.

O BNG demanda solucións aos asulagamentos na explanada de Mos antes de trasladar a feira

O Concello de Moraña ten previsto trasladar os postos de venda ambulante desde a súa actual ubicación na praza de abastos, ao lugar de Mos.

O lugar elixido ten graves problemas de encharcamentos de auga cando chove, cos conseguíntes problemas tanto para os vendedores como para os veciños e veciñas que acoden á feira.

O BNG demanda do goberno municipal que antes de proceder ao traslado da feira, solucione os problemas dos continuos asulagamentos que se producen na explanada de Mos, e que afectan á seguridade dos veciñ@s de Mos e Casiñas.

PP e PSOE: da man en Moraña

Cando recentemente se aprobaron, cos votos favorábeis do grupo municipal do PSOE os orzamentos municipais do Concello de Moraña, o BNG denunciou a perfecta sintonía entre PSOE e PP, dúas forzas que carecen de proxecto e que apostan por políticas antisociais.

Pero lonxe de ser un acordo puntual, PP e PSOE están a mostrar no día a día o seu crecente achegamento. Así, recentemente, o goberno municipal convocou a unha xuntanza aos veciños e veciñas de varios lugares para abordar a posibilidade dunha actuación entre o núcleo de Santa Lucía e o da Alberguería. A esa reunión, á que non se convocou nin informou aos grupos con representación municipal, acudiron da man os membros do goberno do PP e os concelleiros do PSOE, Ramón Caldas e Taboada Rodríguez. Un feito rechamante que ilustra ás claras a grande sintonía existente entre o PP e o PSOE local.

O BNG recomenda aos veciños e veciñas de Barro comprobar os datos do catastro

O proceso de revisión dos valores catastrais que se está a realizar no concello de Barro chega no peor momento posíbel, xa que leva aparelado o brutal incremento do recibo da contribución (IBI) aprobado polo PP e o PSOE e vai agravar aínda máis a situación económica de moitas familias.

Os valores que se están a utilizar como base para calcular o valor das propiedades non teñen en conta a baixada de prezos que sufriron os solos e as vivendas nos últimos anos, e que, moi posibelmente, irá a máis proximamente. Ademais de definir o que hai que pagar cada ano de contribución, os valores catastrais afectan tamén ao imposto de sucesións e doazóns (herdanzas), ao imposto da renda (en caso de non ser vivenda habitual), e á solicitude de becas de estudio e outras axudas da administración pública.

Téñense detectado erros nas medicións e valoracións de solos e construcións, polo que o BNG recomenda que se miren en profundidade para, nos casos que sexa necesario, realizar as reclamacións oportunas, xa que unha vez que os valores estean aprobados van ser definitivos para moitos anos.



A explanada de Mos enchárase en canto chove, ocasionando graves problemas aos veciños e veciñas de Mos e Casiñas.

Non parece moi viábel o traslado da feira a este lugar mentres non se solucione o problema dos asulagamentos.

ACTOS

NUNCA MÁIS **2002-2012**
10 ANOS DA CATÁSTROFE DO PRESTIGE

FESTA-CONCERTO
HOMENAXE AO VOLUNTARIADO

TRIOLIRO
XURXO SOUTO E
OS TRES TREBÓNS
SÉS
RUXE RUXE

HABERÁ POLBO, EMPANADA, VIÑO, CERVEXA...

RECINTO FEIRAL DE PONTEVEDRA
SÁBADO, 17 DE NOVEMBRO
ÁS 21:00 h.



25 ANIVERSARIO
DEL DESASTRE
DEL PRESTIGE

foto: Corbis/Alamy Images



desigualdade
INDEFENSIÓN
taxas xurídicas
dependencia
SUBMISIÓN
dependencia económica
machismo
maltrato verbal

patriarcado

Contra os recortes na
protección das vítimas
da violencia contra
as mulleres

25 de Novembro
Día da NON VIOLENCIA
contra as mulleres

